

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
PARA O TRASLADO
DAS MULLERES VÍTIMAS
DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Sumario

Obxecto.....	3
Obxectivos.....	3
Ámbito de actuación.....	4
Procedemento de actuación.....	5
Fluxograma.....	6

Obxecto

Este protocolo nace da necesidade de dispoñer dun **servizo de apoio para o traslado das vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida** ou organismos de atención, e ten por obxecto **concretar o procedemento de actuación** a seguir polas entidades solicitantes, para que o órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de violencia de xénero facilite o traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas aos referidos centros.

Os traslados previstos neste protocolo non substituirán en ningún caso aos que se realicen dende outras administración públicas con competencias na materia, nin aos traslados que deban realizarse con acompañamento das forzas e corpos de seguridade.

Obxectivos



Apoiar as mulleres vítimas de violencia de xénero no momento crítico no que, por motivos de seguridade, precisan acudir a un centro de acollida.



Avanzar na **mellora da coordinación** entre institucións públicas e axentes sociais e empresariais e implicar os novos sectores na loita contra a violencia de xénero.



Afianzar o **compromiso institucional** da Xunta de Galicia na loita contra a violencia de xénero.

Ámbito de actuación



PERSOAS DESTINATARIAS









A actuación de traslado prevista neste protocolo está destinada ás **mulleres vítimas de violencia de xénero** e ás e aos **menores ao seu cargo** que requiran dun espazo de protección debido á **situación de indefensión ou risco** causada pola violencia de xénero.

Excepcionalmente, poderán ser usuarias deste servizo aquelas outras persoas dependentes das mulleres vítimas de violencia de xénero, previa solicitude motivada e con aprobación expresa por parte do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de violencia de xénero.



ENTIDADES SOLICITANTES

A solicitude de traslado poderá ser realizada polas seguintes entidades:

-  Centros de Información á Muller
-  Centros de crise 24 horas
-  Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia
-  Centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde (hospitais, centros de saúde, etc.)
-  Xulgados radicados en Galicia
-  Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito (OAVD)
-  Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia
-  Policía Autonómica e Policía Local de Galicia

Procedemento de actuación

* No caso dun traslado a un centro da Rede galega de acollemento, é preciso ter confirmada a existencia de praza por parte do centro de coordinación da Rede galega de acollemento ANTES de realizar a solicitude de traslado

01 SOLICITUDE

Cando algunha das entidades indicadas anteriormente detecte a necesidade de trasladar unha muller vítima de violencia de xénero, e o devandito traslado non poida realizarse por ningún outro mecanismo dispoñible, deberá atenderse ao seguinte procedemento:

a) Solicitude:

- ☎ En primeiro lugar, contactarase telefonicamente co centro coordinador da Rede galega de acollemento, a través do teléfono **673 282 392**.
- 📄 A continuación, a solicitude efectuarase por vía electrónica, a través do **formulario** normalizado (Anexo I) que se xunta a este protocolo, e que tamén estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia, <https://igualdade.xunta.gal>
- ✉ O Anexo I enviarase ao correo electrónico do centro coordinador da Rede galega de acollemento rga.igualdade@xunta.gal

b) Recibida a solicitude, o centro coordinador da Rede galega de acollemento poñerase en contacto co servizo de traslados facilitado pola Xunta de Galicia e remitiralle os datos necesarios para proceder ao traslado.

02 TRASLADO

O centro coordinador da Rede galega de acollemento confirmaralle á entidade solicitante a data, a hora e o lugar no que se efectuará a recollida da/s persoa/s que se deban trasladar.

Fluxograma

A continuación, amósase o fluxograma de actuación:

